

# ERASMUS+ KA203: “FACING FIRE” NO LUCUS AUGUSTI

**RODRÍGUEZ GARCÍA, XOÁN CARLOS; VARELA GARCÍA, VERÓNICA;  
RODRÍGUEZ LÓPEZ, ANA; REIJA OTERO, BELÉN**

*IES Lucus Augusti (Lugo)*

**MERINO GARCÍA, AGUSTÍN; OMIL IGNACIO, BEATRIZ; SOUZA-ALONSO, PABLO**

*Dep. de Edafoloxía e Química Agrícola. Escola Politécnica Superior USC*

## 1. Introducción

A Acción Clave 2 (KA2) do programa europeo Erasmus+ está pensada para asociacións estratéxicas e alianzas do coñecemento que promovan a innovación na educación e nos sectores produtivos mediante novas propostas de ensino e aprendizaxe. Dentro deste programa, no ano 2019 entramos como socios no proxecto KA203 (Educación Superior) titulado *Facing Fire* coordinado pola área de Edafoloxía da USC, e que incluía como innovación educativa a Aprendizaxe e Servizo (ApS). Ademais da USC, con diferentes departamento e titulacións, e o IES Lucus Augusti, tamén estiveron involucrados a Universidade de Aveiro, de Portugal, a Universidade Pública de Florencia, en Italia, e a Universidade Pública de Atenas, en Grecia.

A ApS é unha práctica educativa na que o alumnado aprende mentres realiza un servizo á comunidade. Tal e como indica Sotelino, a ApS aúna aprendizaxe e servizo comunitario nun único proxecto con base cívica e académica (Sotelino y col. 2016).

No programas Erasmus+ o IES LUCUS AUGUSTI conta cunha ampla experiencia en tódolos ámbitos da acción clave 1 (KA1) para mobilidades. Con este novo proxecto KA2 dase un grande salto cualitativo ao pasar de facer mobilidades a facer tamén “producción”.

## 2. Obxectivos

O obxectivo deste proxecto foi o de deseñar actuacións contra os incendios e as súas consecuencias, dentro do ensino de ámbito superior e nun ambiente internacional.

Para acadar este gran obxectivo, propuxéronse obxectivos parciais que se foron conseguindo ao longo de todo o seu desenvolvemento e que serían os seguintes:

- Deseñar e implementar proxectos en cada unha das rexións nas que se ía actuar, e que serían levados a cabo polas organizacións propias desa área.
- Estudar *in situ* as problemáticas e características de cada zona, con respecto aos incendios forestais, para axudar no deseño dos proxectos da zona.
- Implicar a outros estamentos educativos e tamén da sociedade en xeral para transferir os coñecementos neste ámbito.

### 3. Desenvolvemento do proxecto FACING FIRE

Este proxecto Erasmus+ de Educación Superior, implicou directamente ao alumnado do Ciclo Superior de Laboratorio de Análise e Control de Calidade. Este alumnado foi o que se formou en ApS e no intercambio de boas prácticas educativas, transformándose dese xeito eles mesmos en formadores. Así, posteriormente, puideron deseñar e dirixir actividades para outros grupos de alumnado do propio centro, como o alumnado de STEMBach, para outros compañeiros de ciclos de laboratorio, e tamén para grupos de outros ámbitos do ensino.

Entre as actividades levadas a cabo podemos enumerar:

-Reunións de ámbito internacional para o deseño, seguimento e posta en común dos proxectos de cada rexión. A primeira foi na Universidade de Aveiro co fin de deseñar conxuntamente os distintos proxectos de cada zona, estudando tamén as zonas afectadas polos incendios forestais. Na segunda, en Florencia, fíxose seguimento dos distintos proxectos e visitas de campo para o estudo da restauración de zonas afectadas polo lume. A terceira reunión foi un Congreso en Atenas, con visitas de campo ao Monte Parnitha, a Mati, na rexión Attica e a illa de Evia. A última foi en Santiago de Compostela onde se expuxeron os distintos proxectos xa rematados. Foi a clausura do programa "Facing Fire".

-Actuacións levadas a cabo para poñer en práctica as actividades do proxecto con diferentes grupos. Un dos grupos que foron obxecto destas actuacións foi o de Stembach, co que se fixeron estudos en laboratorio e estudos de campo de solos queimados e restaurados. Outro dos grupos foi o dos propios compañeiros das alumnas que previamente se formaron para ser monitoras destas actividades nas distintas reunións internacionais; con eles fixéronse 2 saídas a zonas do parque Natural do Xurés, e outra ao Caurel, para o estudo de zonas queimadas e rexeneradas.

-Mobilidades de 5 estudantes de ciclo superior de Laboratorio durante 1 mes para participar en proxectos doutros países, ademais das alumnas que participaron nos distintos congresos.

### 4. Conclusión

Co desenvolvemento deste proxecto internacional pretendeuse abordar unha problemática que afecta dunha maneira significativa aos países de Grecia, Italia Portugal e España. O problema abordouse dende o ámbito do ensino coa posta en marcha dunha metodoloxía pouco habitual que é a ApS, e para elo deseñáronse actividades que despois se foron desenvolvendo en distintos ámbitos educativos e que involucraron a outros estamentos e á sociedade en xeral.

Abordouse a problemática dos incendios nun ámbito internacional de países afectados gravemente polo lume non últimos anos, concienciando da importancia de xestionar os terreos forestais e o territorio en xeral, e reducindo o impacto ambiental, social e económico dos incendios, mediante a concienciación, especialmente dos e das estudantes.

### 5. Referencias

Sotelino Losada, A., Santos Rego, M.A., Lorenzo Moledo, M.D.M. (2016). Teor. educ. 28, 2-2016, 225-242.